

Recurso nº 145 e 149/2018 (acumulados)**Resolución nº 132/2018****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 20 de decembro de 2018.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por D^a N.P.G., recurso 145/2018, e por M. GALLEGO JORRETO ASOCIADOS ARQUITECTOS S.L.P, recurso 149/2018, contra o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a definición de estratexias de transformación do bordo litoral da cidade da Coruña, dende o dique de abrigo até a praia de Oza, do Concello da Coruña, expediente 6A3/2018/9, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adelante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O Concello da Coruña convocou o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a definición de estratexias de transformación do bordo litoral da cidade da Coruña, dende o dique de abrigo até a praia de Oza, expediente 6A3/2018/9, cun valor estimado declarado no apartado 4.2 do seu prego de bases de 103.305,79 €.

Tal licitación foi obxecto de publicación na Plataforma de Contratación do Sector Público o 08.08.2018.



Segundo.- O expediente da licitación recolle sobre o seu réxime xurídico:

“4.1 O concurso obxecto deste prego encádrase no suposto comprendido no artigo 183 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26/02/2014, en diante LCSP (BOE núm. 272, do 09/11/2017), no seu apartado 2.b (Concursos de proxectos con premios ou pagos aos participantes), sen que implique unha posterior adxudicación dun contrato de servizos.

O concurso rexerase polo presente prego e os seus anexos e polo previsto na subsección 7ª (Normas especiais aplicables aos concursos de proxectos) da sección 2ª do capítulo I do título I do libro segundo da LCSP, conformada polos seus artigos 183 ao 187, que regulan os procedementos encamiñados á obtención de planos ou proxectos, principalmente nos campos da arquitectura, o urbanismo, a enxeñería e o procesamento de datos, a través dunha selección que, tras a correspondente licitación, se encomenda a un xurado.

No que non estea previsto nestes preceptos, o concurso de ideas rexerase polas normas do procedemento aberto, en todo aquilo no que non resulten incompatibles e, tamén, polas disposicións reguladoras da contratación de servizos.

(...)”

Terceiro.- O 10.12.2018 Dª N.P.G. interpuxo recurso especial en materia de contratación, a través do formulario telemático FA900A existente a tal fin na sede electrónica da Xunta de Galicia e na web do TACGal, que deu lugar ao recurso 145/2018.

O 13.12.2018, tamén polo formulario telemático FA900A, interpúxose o recurso numerado 149/2018 presentado, segundo tal formulario e a sinatura deste, en representación de M. GALLEGO JORRETO ASOCIADOS ARQUITECTOS S.L.P. Neste recurso solicitábase a medida cautelar de suspensión, a cal non foi procedente abordala posto que no prazo establecido no artigo 56.3 LCSP para decidir sobre esta, xa se emite esta Resolución sobre o recurso en si mesmo.

En base ao artigo 57 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, procede acumular os recursos 145/2018 e 149/2018 a efectos da súa resolución conxunta.

Cuarto.- Con data 10.12.2018 reclamouse ao Concello da Coruña o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP), en relación ao recurso 145/2018, e o 13.12.2018 respecto do recurso 149/2018. A documentación foi recibida neste Tribunal os días 13.12.2018 e 18.12.2018.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

Terceiro.- Antes de avanzar, debemos tratar unha serie de cuestións derivadas da singularidade do procedemento que nos ocupa, de concurso de proxectos, comezando polo seu sometemento ao recurso especial.

Como vimos nos antecedentes descritos, estamos perante un concurso de proxectos das características recollidas no artigo 183.2.b), concursos de proxectos con premios ou pagos aos participantes, sendo oportuno reproducir o conxunto do mesmo:

“Artigo 183. Ámbito de aplicación.

1. Son concursos de proxectos os procedementos encamiñados a obter planos ou proxectos, principalmente nos campos da arquitectura, urbanismo, enxeñaría e procesamento de datos, a través dunha selección que, tras a correspondente licitación, se encomenda a un xurado.



2. As normas da presente sección aplicaranse aos concursos de proxectos que respondan a un dos tipos seguintes:

a) Concursos de proxectos organizados no marco dun procedemento de adxudicación dun contrato de servizos, nos cales eventualmente se poderán conceder premios ou pagamentos.

O contrato de servizos que resulte do concurso de proxectos, ademais, tamén poderá ter por obxecto a dirección facultativa das obras correspondentes, sempre que así se indique no anuncio de licitación do concurso.

b) Concursos de proxectos con premios ou pagamentos aos participantes.

3. Cando o obxecto do contrato de servizos que se vaia adxudicar se refira á redacción de proxectos arquitectónicos, de enxeñaría e urbanismo que revistan especial complexidade, e cando se contraten conxuntamente coa redacción dos proxectos anteriores, aos traballos complementarios e á dirección das obras, os órganos de contratación deberán aplicar as normas desta sección.

4. Considéranse suxeitos a regulación harmonizada os concursos de proxectos cuxo valor estimado sexa igual ou superior aos limiares fixados nas letras a) e b) do número 1 do artigo 22 en función do órgano que efectúe a convocatoria.

O valor estimado dos concursos de proxectos calcularase aplicando as seguintes regras aos supostos previstos no número 2 deste artigo: no caso da letra a), terase en conta o valor estimado do contrato de servizos e os eventuais premios ou pagamentos aos participantes; no caso previsto na letra b), terase en conta o importe total dos premios e pagamentos, e incluíndo o valor estimado do contrato de servizos que se puidese adxudicar ulteriormente conforme a letra d) do artigo 168, se o órgano de contratación advertise no anuncio de licitación da súa intención de adxudicar o dito contrato.”

Como recolle a Resolución 306/20216 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, referido aí ao TRLCSP 3/2011: *“De ahí que el artículo 184.2.a) contemple la aplicación del concurso de proyectos “en marco de un procedimiento de adjudicación de un contrato de servicios”, o, como segundo supuesto, en caso de “concursos de proyectos con primas de participación o pagos a los participantes”, esto es, cuando la Administración licita un “concurso de ideas” desvinculado en principio de un posterior contrato de servicios, estimulando la participación a través de primas o pagos a los participantes.”*

A mención do prego de que *“sen que implique unha posterior adxudicación dun contrato de servizos”*, é na que se basea o Concello para pedir a inadmisión do recurso especial, por non estar entón nos contratos recollidos no artigo 44.1.a) LCSP, sobre o ámbito do recurso especial.

Recoñecendo que esa tese, nun caso como o presente, ten percorrido, este TACGal considera que dado que a LCSP inclúe a este concurso de proxecto, tamén o concursos de proxectos con premios ou pagamentos aos participantes, dentro dos procedementos para a adxudicación dos contratos das Administracións Públicas, e que ese premio implica unha onerosidade (artigo 2.1 LCSP), unido a que o obxecto do concurso é recoñecible dentro dos obxectos contractuais do eido dun contrato de servizos, estimamos que sería contrario ao efecto útil do recurso especial (Directiva 89/665), rexeitar nun caso así ese acceso, de estarmos perante o limiar requirido para os contratos de servizos nese artigo 44, como aquí sucede. Neste punto, destacamos que o artigo 183 se remite ao contrato de servizos como referencia contractual, e que, o propio prego, por copia do previsto no artigo 187.10, recolle: *“No que non estea previsto nestes preceptos, o concurso de ideas rexerase polas normas do procedemento aberto, en todo aquilo no que non resulten incompatibles e, tamén, polas disposicións reguladoras da contratación de servizos.”*

Cuarto.- Dito o anterior, un aspecto especialmente problemático que supón un caso sobre un procedemento de concurso de proxectos, é como conxugar o recurso especial cunha singularidade do mesmo, vital para a súa tramitación, como é a necesidade de anonimato dos que presentan as súas ideas, ate que o xurado emita o seu ditame ou decisión (artigo 187.4 e 6).

Como acabamos de expresar, o principio de efecto útil do recurso especial nos impide que a consecuencia disto sexa entón a imposibilidade desta vía impugnatoria contra o que son decisións susceptibles deste recurso, como é unha exclusión da proposta presentada, pero fai imprescindible, en opinión deste TACGal, axustar aspectos deste recurso especial para impedir o absurdo de que sexa a propia tramitación e resolución do mesmo o que faga caer a este procedemento nun resultado incompatible con aquel anonimato, intrínseco a esta vía elixida, e que afectaría á propia corrección do proceso.

Tentando, polo tanto, equilibrar os principios e bens xurídicos en xogo e o dereito de obter unha decisión sobre o fondo, entendemos que ese anonimato esixe que analicemos o fondo e de darse unha estimación, deberíamos adoptar medidas para que tal anonimato non permita, en último caso, que a estimación puidera derivar dun

recurso de quen non tiña lexitimación por non ser partícipe na licitación así como destinatario real da decisión de exclusión adoptada. Abunda nesta reflexión o feito de que, de considerarse estimables as razóns dadas nos recursos sobre a exclusión, dificilmente cabería un resultado distinto á anulación do procedemento, pois a propia decisión de incorporar a proposta dun recorrente implica determinar cal é esta, e con isto xa quedaría exteriorizado que determinada proposta admitida corresponde a determinado participante, ese recorrente. De existir unha desestimación ningún ben xurídico acabaría violentado, nin o dereito a unha decisión de fondo nin o anonimato. Nesta especial situación, estimamos que é a solución máis garantista.

Por outra banda, dado que órgano de contratación non nos subministrou o listado de licitadores, debido a que, precisamente, son anónimos, foi inviable proceder ao trámite previsto no artigo 56.3 LCSP sen romper entón con esa regra do anonimato, con entón afectación por isto á propia regularidade do procedemento pola mera tramitación deste recurso especial, o cal xa explicamos que sería un absurdo en si mesmo. En todo caso, lembramos que tal trámite nunca podería servir para adherirse ao recorrente, pois para iso é necesario recorrer en prazo.

Quinto.- Entrando entón no fondo, ambos recorrentes consideran que o tamaño máximo de 3 megabytes (MB) dos paneis era a efectos de subida á plataforma web municipal e para os gañadores, non para a súa avaliación. Tamén que a literalidade do prego non era clara, e que, dado o tamaño do panel, que 3 MB é un tamaño moi escaso.

Ante todo, expresar que destas alegacións aparece claro que se impugna a exclusión por esta causa. Esta decisión foi adoptada, en canto ao motivo aí descrito, na sesión do xurado de 22.11.2018, con publicidade da mesma na Plataforma de Contratos do Sector Público o 05.12.2018. Non vemos problemas de admisibilidade dos recursos ao respecto, xa que do seu tenor queda patente o que buscan revogar, estando ambos en prazo para impugnalos.

O prego de bases deste concurso de ideas convocado recollía no apartado 14.6 sobre “Documentación esixida aos participantes”:

“14.6.1.3 Documentación gráfica requirida:

Admitiranse un máximo de tres (3) paneis en formato Din-A0, que poderán mesturar as imaxes co texto explicativo que resulte conveniente para a comprensión das propostas, que reunirán as seguintes condicións:

a) Representación gráfica da proposta a través de plantas, alzados e seccións, sendo esta a parte da documentación sobre a que o xurado fará as correspondentes



comprobacións métricas. A información neste formato será a escala, convenientemente indicada para cada debuxo nos paneis.

b) A información gráfica debe complementarse con outras representacións, tales como vistas aéreas, axonometrías, perspectivas, etc. Estas imaxes poden elaborarse a partir de maquetas, debuxos, fotografías, etc.

c) Mediante diagramas funcionais, de circulación e de fluxos se explicará a mellora da mobilidade na actual fronte urbana, os correspondentes coa actividade portuaria, así como os diagramas necesarios para explicar a resolución do relativo á coexistencia entre as actividades do porto e as da cidade.

d) Igualmente o emprego de diagramas servirá para explicar a secuencia temporal do proceso de transformación portuaria proposto (usos, fases e condicións para a sucesión das mesmas).

e) Esquemas que sinalen a cualificación xurídica dos terreos resultado da ordenación, cando menos indicando os ámbitos que se propón desafectar e a delimitación do dominio público portuario resultante. No caso das ordenacións máis pormenorizadas é recomendable complementalos con esquemas de cualificación urbanística e de usos, tanto dos terreos desafectados, como os que correspondan á delimitación de espazos e usos portuarios.

Para os efectos da súa subida á plataforma web municipal, cada un dos paneis poderá ter un tamaño máximo de tres megabytes (3 Mb)."

A causa de exclusión criticada é que se excedeuse dese tamaño máximo dos tres megabytes citada nesa base.

Pois ben, son varias as premisas que non por ser coñecidas é improcedente traer a colación, sexa de forma resumida. A primeira, que corresponde ao órgano de contratación configurar, dentro do marco normativo, as condicións da licitación, tamén nos aspectos formais de presentación da documentación. Un recorrente pode entender que ese criterio non é o que o mesmo establecería, pero non se pode converter ao licitador discrepante no órgano de contratación. A segunda, que, en todo caso, deriva dunhas bases non cuestionadas, isto é firmes e consentidas.

Na Resolución TACGal 110/2018 expresamos:

"En todo caso, como xa dixemos, tampouco se pode pedir a ese Tribunal que se converta en Administración contratante, ou permitir que o recorrente adopte tal



papel, pois é ao órgano de contratación ao que corresponde adoptar as súas decisións dentro da súa discrecionalidade técnica, de forma que nos corresponde só un carácter revisor desta...

Tamén na Resolución TACGal 66/2018 explicábamnos: *“Tampouco cabe caer na confusión de, por esta vía alegatoria, tratar de converter a este Tribunal en órgano de contratación, nin que, en realidade, se agoche un intento de erixirse en tal o propio recorrente.”*

Polo tanto, a fixación dese límite foi unha decisión adoptada polo órgano promovente do concurso, non cuestionada en tempo, polo que este TACGal é dun dato do que debe partir neste intre.

Por outra banda, o establecemento dese límite era claro nas condicións deste concurso, sendo pormenorizadas as explicacións que traslada o Concello para mostralo:

“A estes efectos, debe considerarse que a descrición, condicións e tamaño dos paneis están regulados no mesmo apartado de Documentación esixida aos participantes, aínda que nun parágrafo se indique o seu número e condicións do tamaño físico, e noutro o seu tamaño en formato informático. Neste senso, a recorrente non pode interpretar que o indicado no primeiro parágrafo se esixe a todas as propostas participantes, e no caso do último parágrafo do apartado 14.6.1.3 só se lle pode esixir ás propostas gañadoras, xa que ambas condicións están incluídas no mesmo apartado, tal e como xa se expuxo.

Ademais, no caso de que se indique a finalidade tampouco parece axeitado para a fundamentación esgrimida no recurso, pois resulta irrelevante de cara aos participantes o motivo polo que a administración esixe ese tamaño do formato informático dos paneis, que só ten carácter informativo. Este argumento é moi feble e carente de toda lóxica, porque en calquera caso esa esixencia está dentro do apartado da documentación que se esixe aos participantes, non só aos gañadores; a finalidade da publicación na web municipal non desvirtúa a esixencia dirixida a todos os participantes.

En canto ao disposto na Base 11ª.1, esta indica que “A partir do día seguinte ao da publicación do acordo de adxudicación dos premios ás cinco propostas gañadoras, abrirase un período de participación cidadá orientado a determinar os apoios recibidos por cada unha delas”. Esta indicación nada ten que ver co alegado pola recorrente, xa que se está referindo a publicación do acordo de adxudicación dos premios, non a publicación dos paneis das propostas gañadoras.



Outro argumento a favor desta interpretación é que a documentación que deberían de presentar as propostas premiadas especificase na Base 14.6.4, na que en referencia aos paneis só inclúe unha diferenza respecto do número, que pasa de 3 a 5, pero indica que “deberán cumprir os mesmos requisitos esixidos para os paneis entregados coa solicitude inicial, contidos na base 14.6.1.3.”

En conclusión, debe entenderse que a esixencia do tamaño do formato informático dos paneis debía concorrer para todos os participantes, non só para as propostas gañadoras.

Por outra banda, e segundo os acordos adoptados polo xurado, este entendeu que o incumprimento por parte das propostas que excederon o tamaño dos paneis é unha das causas de exclusión do concurso consonte co disposto na Base 14ª.7.a), que establece que “Serán, en todo caso, causas de exclusión do concurso: a) Non axustarse ás esixencias establecidas nas presentes bases”. É dicir, non se interpretou que fora posible un trámite de emenda das propostas.

(...)

Polo tanto, non existía outra posibilidade que excluír do concurso as propostas que non se axustaron ao tamaño en formato informático dos paneis.

Por último, a recorrente esgrime no seu escrito que “dado o tamaño do panel, advírtese que 3 Mb é un tamaño escaso, que non permite a correcta visualización da documentación esixida e necesaria para un concurso de estas características con calidade suficiente”. Tendo en conta que esta afirmación se trata dunha mera opinión, a sensu contrario, pode indicarse que este concello procedeu a impresión dos paneis das ofertas que respectaron o tamaño de 3 Mb, impresión realizada en tamaño Din-A0 tal e como indicaban as bases, e o resultado de calidade técnico foi óptimo, permitindo ao xurado e comité asesor a súa visualización e valoración para acadar o seu fallo. Non houbo en ningún momento ningún problema coa calidade de impresión dos paneis das ofertas admitidas, o que tamén demostra que o requisito do tamaño non era imposible de cumprir ou de difícil cumprimento por parte dos participantes, xa que as oito propostas admitidas non tiveron problemas para respectar o límite establecido para o tamaño dos paneis.”

Unha vez determinado o anterior, é certo que as regras de extensión da documentación hai que compaxinalas co principio de proporcionalidade en relación ao resto dos principios da contratación, pero sen que isto implique que unha determinación deste tipo non sexa, de por si, relevante. Así, sempre é importante atender ao caso concreto, se ben debemos apuntar que os requisitos de extensión, ou

aquí “peso” da documentación, teñen potencialidade de afectación á igualdade de trato dos licitadores, pois os que se acolleron ao que poñían os pregos deberon axustar a súa proposición a esas limitacións, de forma que se non os houbera posiblemente poderían darlle outro contido ás mesmas.

Son exemplos de que os Tribunais consideran que, por exemplo, o exceso de páxinas determina a exclusión, sen ánimo exhaustivo, a Resolución 137/2016 ou 122/2014 do Órgano Administrativo de Recursos Contractuais de Euskadi, ou o Acordo 68/2016 do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón, por citar algunha, sen prexuízo de casos – como os citados nalgún dos recursos- onde, en base ao principio de proporcionalidade, un moi limitado exceso ou outras circunstancias do suposto fixeron entender que non se afectaba aos principios da licitación, pois foron esas circunstancias a clave desas decisións.

Polo tanto, se contrastamos a cuestión con ese principio de proporcionalidade, observamos que o exceso é relevante, pois segundo se recolle nas actas nas propostas excluídas o exceso era porque *“algún dos paneis ten 4 ou máis megabytes”*. Situados no tramo inferior desa frase, os 4 megabytes, isto supón un 33% de máis sobre os 3 MB que eran o límite, o cal afecta á igualdade respecto aos que someteron á cláusula.

De feito, observamos que o xurado xa adoptou un criterio de proporcionalidade, pois na acta da sesión de 22.11.2018 consta que alí onde ese aspecto se sobrepasou dunha forma non significativa, se considerou que non procedía a exclusión, por estar dentro dunha marxe de erro técnico no programa de conversión informática.

Estamos, polo tanto, fronte a unha condición que rexía para todos os participantes, polo que excepcionala como se pretende polos impugnantes afectaría á igualdade dos licitadores, máis cando se proxecta sobre un aspecto moi relevante dentro do que nos ocupa. En definitiva, non se aprecian motivos para revogar unha decisión á que non podemos ligar unha incorrección xurídica, dentro do noso axuizamento revisor.

Sexto.- O recurso 149/2018 tamén trae unha serie de alegacións finais a maiores, que procedemos a analizar seguidamente, sendo común a todas elas unha falta de desenvolvemento argumentativo cualificado.

Exprésase, por exemplo, que as bases do concurso foron obxecto de modificación “*cuatro días después de entregado el concurso*”, segundo consta no anuncio publicado na Plataforma de Contratos o día 12.11.2018. Entende que esa modificación debeu ser notificada aos participantes e que obrigaba á ampliación do prazo de entrega. Igualmente critica o reducido prazo de consultas fixado no PCAP, de só quince días.

En canto ao acordo de modificación, este limitouse a engadir varios membros ao comité asesor regulado na cláusula 9.1.2 que sinala:

“O presidente poderá solicitar o asesoramento de técnicos especialistas en calquera momento. Ademais, poderá designar un comité asesor de carácter permanente formado por un mínimo de tres membros de entre os seguintes (...)”.

O primeiro que debemos analizar neste sentido é a admisibilidade desta alegación ao respecto do prazo transcorrido. Así, sendo publicada a modificación o día 12.11.2018 e presentado o recurso o día 13.12.2018, este resulta extemporáneo por exceder o prazo máximo de quince días fixado no artigo 50 da LCSP, o que impediría que este Tribunal entre a valorar este motivo de recurso.

Neste sentido, o recorrente alega que a dita modificación debeu ser obxecto de notificación individual aos licitadores presentados, algo que non sucedeu. Agora ben, ademais do feito de que ese acordo foi publicado na Plataforma de Contratos do Sector Público de igual forma que a convocatoria da licitación, tamén debemos reiterar que esta licitación polas súas especiais características está suxeita ao deber de anonimato das ofertas, tal e como sinala o PCAP, o cal foi aceptado e non impugnado polo recorrente, sen que se nos exprese como isto sería compatible cunha notificación individualizada no seu caso.

En todo caso, debemos salientar que o contido da modificación en nada afecta ao concreto acto de exclusión impugnado, nin tivo incidencia na configuración das ofertas polos licitadores, nin procede ligalo á existencia dunha vulneración do principio de igualdade, cando ademais do contido do expediente non consta nin se alega polo recorrente que os membros do citado comité participasen na conformación da vontade do xurado aquí impugnada. Tampouco que esa modificación e unha ampliación do prazo tería afectado a que a oferta presentada en base a isto non tivera entón o defecto apreciado.

Polo mesmo motivo de extemporaneidade procede inadmitir o argumento do recorrente sobre o período de consultas de quince días fixados na cláusula 14.4 dos pregos da licitación, os cales non foron impugnados no prazo establecido ao efecto. Non hai escuridade na redacción dos pregos que impedaran no seu momento cuestionar este aspecto, de considerarse como contrario a dereito. E, por último, tampouco xustifica o recorrente que o Concello subministrase información contraditoria que lle causase confusión na configuración da súa oferta ao respecto da causa da súa exclusión.

En canto á referencia as actas, o Concello remite as mesmas no expediente, asinadas en todo caso polo presidente e secretario do xurado, sen que o impugnante cuestione en si o feito recollido nas mesmas para decretar a exclusión, o exceso de megabytes. Este discute só a implicación xurídica de tal circunstancia, polo que non estando discutido o feito apreciado nesas actas, nin que fora unha decisión efectivamente adoptada polo xurado en tal sentido, non existe percorrido na súa alegación, tendo en conta que neste recurso xa se resolve a cuestión de fondo que realmente afectaría á posición do recorrente, como é a procedencia en dereito de basear a exclusión nisto. En canto aos proxectos admitidos, nada se introduce no recurso para dudar que estes non cumpran coa esixencia que nos ocupa, o cal, ademais, non faría que se convertera en correcta a propia presentación do recorrente.

Por último, non é acollible como tal a alegación final a que *“por lo que se refleja de las noticias en prensa”* a intención do Concello é publicar as propostas excluídas sen contar coa opinión dos equipos, pois se fala dun mero futuro, do que tampouco ten constancia que vaia ser, no seu caso, sen ese previo consentimento. En todo caso, baste con expresar que esa actuación non está dentro das impugnables nun recurso especial ao abeiro do artigo 44.2 LCSP.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Desestimar** os recursos presentados por D^a N.P.G., recurso 145/2018, e por M. GALLEGU JORRETO ASOCIADOS ARQUITECTOS S.L.P, recurso 149/2018, contra o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a definición de estratexias de transformación do bordo litoral da cidade da Coruña, dende o dique de abrigo até a praia de Oza, do Concello da Coruña, expediente 6A3/2018/9.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición dos recursos, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.